





Boas Chic@s! Son **Lorena** do proxecto **Ludi-Educa de Cruz Vermella**, acordádesvos de min, non? Despois dun mes sen vernos xa vos boto un pouquiño de menos... Por iso veño facervos unha visita! 

Xa que a situación actual nos obrigou a suspender as sesión que tiñamos, queríamos retomalas pero de xeito online, que vos parece? 

Así deste xeito seguimos en contacto e mantendo as actividades divertidas e entretidas de sempre. Para que estes días que xa non sabemos que facer, poidamos despejar a mente divertíndonos e aprendendo ao mesmo tempo!

Este cuadernillo ten dúas personaxes principais: **Previ**  e **Don Risco** . Previ sería como o protagonista bo das películas de superheroes que tanto nos gustan, e Don Risco sería o malo, que vai querer sempre que nos despistemos e teñamos un accidente. Previ vai acompañar en cada páxina para que entre todos o logremos capturar. En cada actividade imos ver diferentes situacións que nos podemos atopar cun perigo e debemos saber como actuar. Primeiro, imos ter que descubrir onde se atopa Don Risco agochado. E logo, realizar as actividades que nos vai indicando Previ.

Podedes ir facendo aos pouquiños na medida que teñades tempo. Así como vaiades facendo, tamén tendes a posibilidade de enviarme fotos das páxinas ao meu correo electrónico para ver que tal ides e ensinarme que tan ben vos está saíndo.

Correo electrónico: loresa@cruzroja.es

Taller de Prevención de accidentes

infantis

Taller de Prevención de accidentes infantiles



LUDI-EDUCA BOIRO



Cruz Vermella Española

C/ Principal, 77 - Centro Social, 3º Andar. 15930 - Boiro (A Coruña)
Tel.: 981 844 804
www.cruzroja.es gaboiro@cruzroja.es

Caderno de actividades


Ao despertar **Ring! Ring!**

Ola! Son Previ e vouvos acompañar ao longo deste caderno. Preciso que me axudedes a atopar a Don Risco, sempre disposto a provocar accidentes. Xuntos aprenderemos como evitalos! Vides?




No cuarto de baño

Como é posible? Só poñemos un pé na bañeira e xa aparece don Risco. Vela? Rodéao cun círculo e coloreo o cuarto de baño.



Une cada suma co seu resultado:




Lembra:

- Non conectes aparatos eléctricos se o chan do cuarto de baño ou os teus pés están mollados.
- Ten coidado de non esvarar na ducha ou na bañeira.
- A caixa de urxencias non é un xoguete. Non inxiras medicamentos nin substancias descoñecidas.

Un día na praia

Hoxe vai calor. Imos á praia cos nosos amigos e amigas e xogamos sen perigo, tal e como aprendemos. Pasámolo tan ben que ata don Risco se dá un baño con nós!



Lembra:

- Nada onde fagas pé e en paralelo á beira do mar. Nunca te bañes só.
- Entra na auga a modiño e dúchate antes de entrares nela.
- Non te bañes inmediatamente despois do xantar, de tomalo sol ou de facer un esforzo físico.
- Protéxete cunha gorra, con crema... cando esteas moito tempo ao sol.

Unha tarde no parque

Ao saír da clase, imos xogar ao parque. Pero, repara, non te descoides, don Risco tamén está á espreita cando nos divertimos.




- 1.- Colorea o debuxo segundo o código.
- 2.- Debuxa un muro para protexer os nenos e nenas do tráfico.



Na cociña

Entramos na cociña e... recoiro! Don Risco xa está alí. Que quererá agora? Sinala cunha cruz as trampas que deixou para que teñamos un accidente.



Lembra:



- Non xogues cos obxectos perigosos, coma coitelos e vidro, porque poderías cortarte.
- Non subas ás cadeiras ou ás mesas para coller algo porque poderías caer.
- Ten coidado cos líquidos quentes e cos cazos e tixolas que estean no lume.


Lembra:



- Non acaricies nin xogues con cans descoñecidos.
- Usa casco ao andar na bici e usa, ademais, proteccións (protectores de xeonllos, de cóbados...) ao ir en patíns ou en monopatín.
- Os tobogáns, os bambáns... poden ser perigoso se se usan mal. Divértete, pero non te arrisques!

Sáimos á rúa

Ben, chegamos á rúa e don Risco aínda non nos pillou. Pero, ten tino, detrás daquela esquina amosa o seu cabezón. Pódelo ver?



- 1.- Debuxa un muro para protexer os nenos e nenas do mar.
- 2.- Colorea os posibles perigos que haxa na praza.

Bueno chic@s, espero que vos gustara esta actividade e que aprenderades un montón. Estarei á espera das vosas fotos, e estade pendentes da aula virtual para vos mandar máis actividades, vale? Unha aperta e moito ánimo con todo, que cando nos demos conta xa volvemos estar todos xuntos outra vez!



TODO VAI SAÍR BEN